



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 50)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **trinta de decembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA ESCULTURA DE BRONCE DO ESCULTOR MIGUEL COUTO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dunha escultura de bronce do escultor Miguel Couto, consta no mesmo:

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7BQTJMF6ZLC4SU4U5IYR7Y e CSV: IV7BQ2263UN23VOY65N4O3TP4Q.

2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7BQ2PPDEPIJ3NNW7VH4U2R4E.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BQ2RMD4U5V6VKCYNTARHRKA.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BQ2XPDYFOT3EDWNH4KEBRIY.



5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BQ2XZEF00THUJS764EAAEKE.

6. Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración dunha escultura de bronce do escultor Miguel Couto.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ao escultor D. Miguel Couto a través da dirección habilitada na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 44.000,00 euros, aos que deberán engadirse 4.400,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48.400,00 euros ”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUNHA OFICINA MÓBIL SEN CONDUCTOR PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN E ASESORAMENTO DA OFICINA DE REDE MÓBIL DE ACELERA PEME. «PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU».

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 20 de decembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7A3WJDEFG5JGV34A5GCPY6AY.
2. Informe relativo á urxencia da contratación, con CSV: IV7AZXIDJNVNXT73SXXSMUKT7Y.
3. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A3SP5YFUJV7V57UYNCICGC4.
4. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7A3UA6HRJCSXMPU5QTLY7ECU.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AEC6NZZJZLHOAQFMEBJS4.
6. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AEC6P4F5MMZGXXQM4TNYCSIM.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AEAI3JF4NLBE34MOTGJICB4.



8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7AEGISOE64JZHCWJPEAQJAIA.

9. Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de novembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7AEPQZCAROLKESUTWECQKEE4.

10. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 18 de novembro de 2022.

11. Acta da Mesa de Contratación do día 29 de novembro de 2022, con CSV: IV7AHQDPFBOD6WO62XVTMQKOMA, na que se recolle o seguinte:

12. Acta da Mesa de Contratación do día 11 de novembro de 2022, con CSV: IV7AEILKHQXLRW5CQP4HEESW6E, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar os membros da Mesa de contratación, á vista do operador económico concorrente á presente licitación, proceden a asinar a declaración de ausencia de conflito de intereses.

Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador presentado a este procedemento é Carpentum S.L.U.

Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que presenta o Anexo I sobre o cumprimento dos requisitos previos debidamente cumprimentado e asinado.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA (IVE incluído)	Nota	Prazo de entrega	Nota	Puntuación total
CARPENTUM S.L.U.	1.452,00 €	60	18 días naturais	5	65

Unha vez comprobado que a proposta presentada non está incursa en baixa desproporcionada a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade requirir á empresa Carpentum S.L.U. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP

e no apartado “P” do cadro resumo, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 20 de decembro de 2022, en primeiro lugar os membros da Mesa de contratación, á vista do operador económico concorrente á presente licitación, proceden a asinar a declaración de ausencia de conflitos de intereses.

Acto seguido dáse conta aos asistentes de que a empresa Carpentum S.L.U., presentou a documentación do artigo 159.4 da LCSP no prazo concedido a tales efectos.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta, coa salvidade dos anexos IV e V presentadosnos que a mesa de contratación observa que na data de sinatura aparece o ano 202x; a mesa de contratación califica o erro detectado como subsanable, acordando facultar ao Servizo de Contratación e Fomento para que requira á empresa para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, os Anexos IV e V debidamente asinados e incorpore a documentación subsanada ao expediente con carácter previo á adxudicación.

A Mesa de Contratación acordou o seguinte:

Facultar ao Servizo de Contratación e Fomento para que comprobe se a empresa Carpentum S.L.U. presenta en tempo e forma a subsnación requirida.



Unha vez recibida a subanación e previa fiscalización, se adopte, pola Xunta de Goberno o seguinte acordo:

Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CARPENTUM S.L.U.	65

Adxudicar á empresa Carpentum S.L.U. a contratación do alugueiro dunha oficina móbil sen conductor para a realización do servizo de dinamización e asesoramento da oficina de rede móbil de Acelera Peme. Contrato financiado con fondos Europeos *NextGenerationEU* do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Compoñente 13: Impulso á Pyme. Liña de investimento C13.I3 “Dixitalización e innovación”: Programa Acelera PYME 2.0 para contornas rurais, por un importe máximo de 28.600,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 6.006,00€, o que fai un total de 34.606,00 €. O importe mensual ascende a 1200 euros, aos que se engadirán 252 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1452 euros.

O adxudicatario comprométese a poñer á disposición da Deputación de Lugo a furgoneta nun prazo máximo de 18 días.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos”

Considerando que a empresa presentou en tempo e forma a subsanación de documentación requirida pola mesa de contratación e vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CARPENTUM S.L.U.	65

2º.- Adxudicar á empresa Carpentum S.L.U. a contratación do alugueiro dunha oficina móbil sen condutor para a realización do servizo de dinamización e asesoramento da oficina de rede móbil de Acelera Peme. Contrato financiado con fondos Europeos *NextGenerationEU* do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Compoñente 13: Impulso á Pyme. Liña de investimento C13.I3 “Dixitalización e innovación”: Programa Acelera PYME 2.0 para contornas rurais, por un importe máximo de 24.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040,00€, o que fai un total de 29.040,00 €. O importe mensual ascende a 1.200,00 €, aos que se engadirán 252,00 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.452,00 €. A duración do contrato é ata o 29 de agosto de 2024, prorrogable mensualmente por un período máximo de 12 meses.

O gasto financíase atendendo ao seguinte desglose:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2023	4330.204	17.424,00 €
2024	4330.204	11.616,00 €
TOTAL		29.040,00 €

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral. O gasto financiarase con cargo as anualidades 2023 e 2024. Para a anualidade 2023 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022, e para a anualidade 2024 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2024 a cantidade indicada, nas aplicación sinalada.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.



5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVERSIONES INCLUIDOS EN EL PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribas de Sil no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único De Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	222	FORMACIÓN DE ESCOLLEIRA EN MOREIRAS DO MEDIO	----	21.509,75€	21.509,75€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV de adxudicación.

5. A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil a través de escrito de data 21/12/2022 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 222, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... modificar por outro mais urxente ... que as precipitacións poden impedir o acceso ao núcleo de Vilariño ...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	222	REPARACIÓN DE ACCESO AO NÚCLEO DE VILARIÑO	25.902,76€	21.509,75€	47.412,51€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.



8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Ribas de Sil que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	222	REPARACIÓN DE ACCESO AO NÚCLEO DE VILARIÑO	25.902,76€	21.509,75€	47.412,51€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO 2022.

Primeiro.- *Proposta de substitución da actuación “Feira de gando” do Concello de Folgoso do Courel, encadrada dentro Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, pola actuación “Mercado navideño” 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Autorización da substitución da actuación “Feira de gando” do Concello de Folgoso do Courel, encadrada dentro Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, pola actuación “Mercado navideño” 2022.

Visto o escrito do representante do concello de Folgoso do Courel (Exp 2022/PES_03/025547) no que se solicita a substitución da actividade “Feira de Gando” encadrada dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 pola realización do “Mercado Navideño” a celebrar o 30 de decembro de 2022, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o presente informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria do 28 de decembro de 2021, acordou, entre outros asuntos, a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (publicadas no BOP de Lugo nº 006 de 10 de xaneiro de 2022).

Segundo.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o 5 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

“1.- A aprobación do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.



Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)	TOTAL
(...)			
7.- Feiras Mercados e Outros	115.447,27 €	23.344,41 €	138.791,68€
(...)			

(...)"

Máis concretamente, e no relativo ao Programa de Feiras, mercados e outros do Concello de Folgoso do Courel o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 aprobado, recolle:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2022					
CONCELLO	PROGRAMA	ACTUACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
(...)					
FOLGOSO DO CAUREL	B7	FEIRAS E MERCADOS: FEIRA DE GANDO	0,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €
(...)					

Terceiro.- No escrito remitido dende o concello de Folgoso do Courel recollese literalmente o seguinte:

“Visto o Programa de celebración de Feira de Gando que solicitamos ó abeiro do Plan Único 2022, organizouse a Feira para o mes de Outubro e por causas de forza maior no se puido celebrar xa que o gando tivo que ser posto en corentena por todo iso solicitamos o cambio de Feira de Gando polo de celebración dun Mercado Navideño o día 30 de decembro do 2022 no lugar de Moreda que consistira en postos de artesanía e produtos locais o evento ascende a cantidade de mil cinco centos euros”.

Consideracións xurídico administrativas.

Na Base 16.2 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 dispónse que “os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións u eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, respectando en todo caso a mesma finalidade, e por consecuencia a aplicación orzamentaria, e que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno”.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que o cambio da actuación está debidamente xustificado, que a solicitude tivo entrada no rexistro da entidade con anterioridade á data límite de vencemento do programa (que é o 31 de decembro de 2022) e que o cambio de actuación non supón modificación da aplicación orzamentaria se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se autorice a substitución da actividade “Feira de Gando” do concello de Folgoso do Caurel, encadrada dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, pola realización do “Mercado Navideño” o 30 de decembro de 2022”.

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Autorizar a substitución da actividade “Feira de Gando” do Concello de Folgoso do Caurel, encadrada dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, pola realización do “Mercado Navideño” o 30 de decembro de 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de estimación da solicitude do Concello de Monterroso de modificación e substitución de actividade deportiva prevista dentro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Á vista solicitude do Concello de Monterroso formulada pola Alcaldesa do Concello de Monterroso no que expón “... Ante a imposibilidade de realización do mentado memorial por motivos alleos a administración solicitante ao tratarse dunha proba a nivel estatal na modalidade de estrada organizada con medios externos e visto o punto 16.2 das bases do plan único no que se expón: “ os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/sustitución das actividades,



actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, respectando en todo caso a mesma finalidade e por consecuencia a aplicación orzamentaria”.

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

«Informe relativo a solicitude da Alcaldesa do Concello de Monterroso de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de actividades deportivas” á execución das actuacións “Actividades deportivas: escolas deportivas municipais e tardes activas”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Vista a solicitude de N° expediente: 2022/PES_03/025774 e n° rexistro 2022RPE024121 de data 28/12/2022 10:52:19 pola Alcaldesa do Concello de Monterroso no que expón “... Ante a imposibilidade de realización do mentado memorial por motivos alleos a administración solicitante ao tratarse dunha proba a nivel estatal na modalidade de estrada organizada con medios externos e visto o punto 16.2 das bases do plan único no que se expón: “ os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/sustitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, respectando en todo caso a mesma finalidade e por consecuencia a aplicación orzamentaria”, emíttese o seguinte informe,

Antecedentes.

Primeiro. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrado o 28 de decembro de 2021, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, publicadas no BOP n° 006, do luns 10 de xaneiro de 2022.

A base 21^a.- determina que:

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica – Servizo de Deportes.

Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2022 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, fixándose un gasto mínimo por

actividade de 1.500,00€, non podendo solicitar actividades con gasto inferior, correspondentes ao exercicio natural de 2022. Atenderase ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

Segundo. A Alcaldesa do Concello de Monterroso presentou, en data 09/02/2022 22:06:08 e nº de expediente 2022/PPC_02/000034, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Monterroso formulaba como actividades a desenvolver “Actividades deportivas: Escolas deportivas municipais e Memorial Jose Antonio Lopez”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de nove mil douscentos noventa e cinco euros con corenta e dous céntimos (9295,42 €).

Terceiro. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o 05 de abril de 2022, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, no que se contempla unha achega de nove mil douscentos noventa e cinco euros con corenta e dous céntimos (9295,42 €) para a Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: Escolas deportivas municipais e Memorial Jose Antonio López”.

Cuarto. A Alcaldesa do Concello de Monterroso solicita destinar o importe concedido nove mil douscentos noventa e cinco euros con corenta e dous céntimos (9295,42 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: Escolas deportivas municipais e Memorial Jose Antonio López” á execución das seguintes actividades: “Actividades deportivas: Escolas deportivas municipais e Tardes Activas”.

Por tanto, á vista do indicado, a modificación solicitada afectaría ao contido da actividade específica a realizar, pero non á súa tipoloxía e ao seu carácter deportivo.

Quinto. Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 contempla, na súa Base 16.2. Resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, respectando en todo caso a mesma finalidade, e por consecuencia a aplicación orzamentaria, e que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.



Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 17.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2023, a conta xustificativa.”.

Sexto. E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 15.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación. Cada área xestora tramitará a concesión de aforros ou remanentes producidos, de ser o caso.”

Sétimo. No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analogía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Monterroso, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Monterroso para “Actividades deportivas: Escolas deportivas municipais e Tardes Activas”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade proposta, se axustaría ao fomento de actividades deportivas de mantemento e exercicio físico e de promoción de hábitos saudables, e entendendo por tanto, - e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito”.

Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Estimar, en base ao establecido na Base 15.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, a solicitude da Alcaldesa do Concello de Monterroso de modificación de actividades deportivas para destinar os fondos ás actividades “Actividades deportivas: Escolas deportivas municipais e Tardes Activas”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento da “Adquisición dun vehículo para o apoio e prestación de servizos municipais do concello de Meira” ano 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:



“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento da “Adquisición dun vehículo para o apoio e prestación de servizos municipais do Concello de Meira” ano 2022.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Meira (EXP- 2022/PES_03/025273) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “adquisición dun vehículo para apoio e prestación dos servizos municipais do concello de Meira ”, por importe total de 24.121,96 € (dos que os 22.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 2.121,96 € serán financiados polo Concello de Meira), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa



formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.



Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Miera ostenta competencias propias en base ao establecido no artigo 25 da LRBRL.



Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 22.000,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento da “adquisición dun vehículo para o apoio e prestación dos servizos municipais do concello de Meira” por importe total de 24.121,96 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 22.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade para cooperar no financiamento da “Fase I da reposición das beirarrúas e senda peonil e honorarios” ano 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o escrito remitido dende o Concello de Xermade (EXP- 2022/PES_03/024136) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Fase I da reposición das beirarrúas e senda peonil en e honorarios”, por importe total de 126.864,99 € (dos que os 123.640,85 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 3.224,14 € serán financiados polo Concello de Xermade), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c)

As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e



autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as

entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.



Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da

Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Xermade ostenta competencias propias, entre outras, nas materias de: infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido no artigo 25.2 da LRBRL. Asemade, con independencia das competencias que naquelas materias lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros: o acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.



No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 123.640,85 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Fase I da Reposición das beirarrúas e senda peonil e honorarios” por importe total de 126.864,99 €, cuxa eficacia queda condicionada á cesión das vías provinciais pola execución do convenio.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.640,85 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para cooperar no financiamento da “Mellora de abastecemento de auga no Concello de Cervantes: Piornedo e Vilarguite” ano 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Cervantes (EXP- 2022/PES_03/025243) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de abastecemento de auga no concello de Cervantes: Piornedo e Vilarguite”, por importe total de 95.891,68 € (dos que os 91.097,10 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 4.794,58 € serán financiados polo Concello de Cervantes), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa



formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.



Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Cervantes ostenta competencias propias, entre outras, en materia de abastecemento de auga potable a domicilio, en virtude do establecido na letra c) do artigo 25.2 da LRBRL.



Asemade, con independencia das competencias que naquela materia lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 91.097,10 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020). en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de abastecemento de auga no Concello de Cervantes: Piornedo e Vilarguite” por importe total de 95.891,68 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 91.097,10 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento do ano 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Cuarto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a celebración do “Belén xigante 2022 - 2023”. Anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(...)

“En relación cos escritos, presentados por dona María Loureiro García con NIF: ***9730**, en nome e representación do Concello de Viveiro, con CIF: P-2706700-H, con data 28/07/2021 (RE, nº: 2021RPE021688), mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competencias para o fin común da celebración do “Belén Xigante 2022 - 2023”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a celebración do “Belén Xigante 2022 - 2023” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á potenciar o desenvolvemento económico da zona, a promoción do turismo e a posta en valor do patrimonio cultural.

A Lei de Bases de Rexime Local establece no art. 25: “O municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal” Viveiro enfronta o Nadal cunha ambientación que crece cada ano, impulsada polo Concello. Miles de luces iluminarán as rúas nas que se recrea un belén a tamaño natural. Localizado en pleno casco histórico, na contorna da igrexa de Santa María e fronte ao convento das dominicas, Viveiro ante o berce preséntase como un espectacular nacemento de centos de metros nos que se representan as escenas propias do Belén, que se completan con outras que recrean o movemento , a auga... Está composta por preto de 50 figuras a tamaño natural e 40 animais, e recrea con todo luxo de detalles como podería ser a poboación na que naceu Xesús. Ademais dun maxestoso Belén Xigante, o de Viveiro é un paseo por oficios tradicionais como os de taberneiro, pescador, canteiro, pastor, viticultor, agricultor, tintoreiro, lavandeiro, secador de bacallau, florista, pastor, canteiro....



O Belén Xigante móntase dende o 5 de decembro ata o 12 de xaneiro na praza de Santa Maria, dentro do centro histórico, este ano intentarase ampliar ata a Praza da Fontenova e a rúa Teodoro Quiros. Poderá visitarse ata o próximo 12 de xaneiro, en horario de 09.00 a 23,00 horas de luns a domingo.

Por estimación doutros anos esta exposición é visitada por máis de 25.000 persoas que veñen dende toda a comarca da Mariña supoñendo un impulso ao comercio e a hostalería do concello de Viveiro converténdose no eixo das celebracións do Nadal na Mariña Lucense; son moitas as asociacións, colectivos, colexios e concellos que ao longo destes anos chamaron para interesarse por este belén único en Galicia converíndose nun referencia en Galicia.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

4. O órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que lle corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro do 2020, e tendo en conta o establecido na nova Lei de contratos, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 35.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Viveiro, de acordo co orzamento previsto, aportará 10.000,00€, e os terreos precisos, permisos e autorizacións da actuacións, para a súa correcta execución e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do “Belén Xigante 2022 - 2023”. É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para levar a cabo o proxecto denominado “Belén Xigante 2022 - 2023” por importe total de 45.000,00 €.



2º.- Aprobar o gasto de 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor do Concello de Viveiro, para sufragar os gastos derivados do “Belén Xigante 2022 - 2023”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Convenio interadministrativo a subscribir co Concello de Ribadeo para a adecuación de espazos para a mocidade en Rinlo.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con NIF: P2705100B, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 12 de decembro de 2022 (RE nº: 2022RT015370), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, das obras de “adequación de espazos para a mocidade en Rinlo”, para o fin común de promoción das instalacións de ocupación do tempo libre.

Detectados erros na documentación integrante da dita solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse ao representante do Concello de Ribadeo para a súa emenda, o que aconteceu coa presentación da correspondente documentación os días 19 (RE nº: 2022RT017959 e 2022RT017965) e 21 de decembro de 2022 (RE nº: 2022RT018123).

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

II. Relacións interadministrativas.

A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

III. Títulos competenciais.

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, e 109.1.d) da LALGA.



Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo ostenta competencias propias, entre outras, en materia de promoción de instalacións de ocupación do tempo libre e de promoción da cultura e equipamentos culturais, en virtude do establecido nas letras l) e m) do artigo 25.2 da LRBRL.

IV. Financiación das actuacións.

O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 59.706,99 € (IVE incluído), que se financiarán integramente pola Deputación Provincial de Lugo.

Con todo, o Concello de Ribadeo financiará a cantidade que, de ser preciso, reste e resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

V. Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de Ribadeo, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta das obras de “adequación de espazos para a mocidade en Rinlo”, para o fin común de promoción das instalacións de ocupación do tempo libre; por importe total de 59.706,99 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2. O gasto, por importe de 59.706,99 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 26 de decembro de 2022.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta das obras de “Adecuación de espazos para a mocidade en Rinlo”, para o fin común de promoción das instalacións de ocupación do tempo libre; por importe total de 59.706,99 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 59.706,99 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Sexto.- *Convenio interadministrativo a subscribir co Concello de Muras para a celebración da Feira do Mel de Montaña de Muras 2022.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Manuel Requeijo Arnejo, en nome e representación do Concello de Muras, con NIF: P2703300J, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 13 de decembro de 2022 (RE nº: 2022RT017538), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, da actividade “Celebración da Feira do Mel de Montaña de Muras 2022”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural.

Detectados erros na documentación integrante da dita solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse ao representante do Concello de Muras para a súa emenda, o que aconteceu coa presentación da correspondente documentación os días 20 (RE nº: 2022RT018046) e 26 de decembro de 2022 (RE nº: 2022RT018323).

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

II. Relacións interadministrativas.

A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Muras configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

III. Títulos competenciais.

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, 109.1.d) da LALGA, e 30.1.a) do TRRL.

Pola súa banda, o Municipio de Muras ostenta competencias propias, entre outras, en materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, en virtude do establecido na letra i) do artigo 25.2 da LRBRL.

IV. Financiación das actuacións.



O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 23.616,32 € (IVE incluído), que se financiarán do xeito seguinte:

Deputación Provincial de Lugo: 6.000 €, a través da sinatura do convenio interadministrativo que aquí se informa + 6.000 €, no marco do Plan Único 2022.

Concello de Muras: 11.616,32 €.

O Concello de Muras achegará a cantidade que, de ser preciso, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido.

V. Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de Muras, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta da actividade “Celebración da Feira do Mel de Montaña de Muras 2022”, para o fin común de promoción das feiras no rural; por importe total de 23.616,32 €, dos que 12.000 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo (segundo a desagregación que se reflicte no apartado IV deste informe) e 11.616,32 a cargo do Concello de Muras.

2. O gasto, por importe de 6.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 27 de decembro de 2022.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta da actividade “Celebración da Feira do Mel de Montaña de Muras 2022”, para o fin común de promoción das feiras no rural; por importe total de 23.616,32 €, dos que 12.000 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo (6.000 en virtude da sinatura do convenio interadministrativo cuxa aprobación se propón, e 6.000 no marco do Plan Único 2022) e 11.616,32 a cargo do Concello de Muras.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 6.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Muras, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Sétimo.- *Proposta relativa á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución de fins comúns consistentes en: actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 17/06/2022 prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga.

Segundo.- En data 23/06/2022 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol no que entre outros se recollía na cláusula cuarta, apartado xustificación:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO: ACTUACIÓNS EN INSTALACIÓNS, VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS E REDE DE ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
MELLORA DE CAMIÑO ENTRE BAILLE E O CURRO, INCLUIDO HONORARIOS	14.000,00€	557,52€	14.557,52€
MELLORA DO VIAL DENDE O LUGAR DE PORTO DA VALIÑA ATA A ESTRADA LU-760, INCLUIDO HONORARIOS	14.000,00€	714,18€	14.714,18€
EXECUCIÓN DE ELEMENTOS DE ACCESIBILIDADE E PROTECCIÓN DE GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	36.226,26€	10.000,00€	46.226,26€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN LOUSAS ALVEOLARES EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	34.565,18€	10.000,00€	44.565,18€
SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASENTOS DE GRADA	9.595,30€	0,00€	9.595,30€
ACONDICIONAMENTO INTERIOR VESTIARIOS CAMPO FÚTBOL	31.116,06€	9.222,94€	40.339,00€
EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS DE SUBMINISTRO E SANEAMENTO EN ZONA GRADA CAMPO FÚTBOL	28.000,00€	5.880,00€	33.880,00€
REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA EN CARAÑO DE ABAIXO, INCLUIDO HONORARIOS	5.558,56€	0,00€	5.558,56€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN DE CUBERTA EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	37.938,64€	10.000,00€	47.938,64€
EXECUCIÓN DE ACCESOS A ZONA DEPORTIVA DE CAMPO FÚTBOL	30.000,00€	6.300,00€	36.300,00€
EXECUCIÓN DE SOLADOS E PARTICIÓNS INTERIORES EN GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	32.000,00€	6.720,00€	38.720,00€
TOTAL	273.000,00€	59.394,64€	332.394,64€

(...)"

Terceiro.- D. Lino Rodríguez Ónega, Alcalde do Concello de Pol achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con 2022RT018315, de data 26/12/2022, a través do que solicita a modificación do convenio, substituíndo varias memorias das incluídas no convenio.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

Terceiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos



xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Cuarto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

Quinto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da indicada Lei 40/2015 e na instrución terceira do acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión a que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación administrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio



analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”.

Ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d), que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Sétimo.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Oitavo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).



Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “ a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión ...”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Noveno.- A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades Locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Décimo.- O municipio de Pol é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera ““a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais, (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto ao acondicionamento e dotación de servizos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios



da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

Asemade, a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia (en adiante, LXG), no marco dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, atribúe, ás entidades da Administración Local, no seu artigo 34.1.c), a facultade de asumir competencias en materia de xuventude para a creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimen necesarios para garantir unha política integral de mocidade.

Décimo primeiro.- O Concello de Pol, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Decimo segundo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo

artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de Pol será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo terceiro.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Décimo cuarto.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la



vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que os investimentos incluídos no convenio, coa correspondente financiación, sexan:

INVESTIMENTO: ACTUACIÓNS EN INSTALACIÓNS, VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS E REDE DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
MELLORA DE CAMIÑO ENTRE BAILLE E O CURRO, INCLUÍDO HONORARIOS	14.000,00€	557,52€	14.557,52€
MELLORA DO VIAL DENDE O LUGAR DE PORTO DA VALIÑA ATA A ESTRADA LU-760, INCLUÍDO HONORARIOS	14.000,00€	714,18€	14.714,18€
EXECUCIÓN DE ELEMENTOS DE ACCESIBILIDADE E PROTECCIÓN DE GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	36.226,26€	10.000,00€	46.226,26€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN LOUSAS ALVEOLARES EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	34.565,18€	10.000,00€	44.565,18€
SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASENTOS DE GRADA	9.595,30€	0,00€	9.595,30€
ACONDICIONAMENTO INTERIOR VESTIARIOS CAMPO FÚTBOL	31.116,06€	9.222,94€	40.339,00€
EXECUCIÓN DE ACCESOS EN ZONA DEPORTIVA E CAMPO DE FÚTBOL	28.000,00€	5.880,00€	33.880,00€
REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CARAÑO DE ABAIXO, INCLUÍDO HONORARIOS	5.558,56€	0,00€	5.558,56€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN DE CUBERTA EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	37.938,64€	10.000,00€	47.938,64€
EXECUCIÓN CUBRICIÓN DE CUBERTA, CANALÓNS E BAIXANTES EN GRADAS DE CAMPO DE FÚTBOL	30.000,00€	6.300,00€	36.300,00€
EXECUCIÓN DE CIMENTACIÓN, CERRAMENTOS LATERAIS E ACCESOS AO BAIXO E PASARELA EN GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	32.000,00€	6.720,00€	38.720,00€
TOTAL	273.000,00€	59.394,64€	332.394,64€

Décimo quinto.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno:

Que se aprobe a addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga de tal xeito que as actuacións incluídas no convenio sexan:

INVESTIMENTO: ACTUACIÓNS EN INSTALACIÓNS, VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS E REDE DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
MELLORA DE CAMIÑO ENTRE BAILLE E O CURRO, INCLUÍDO HONORARIOS	14.000,00€	557,52€	14.557,52€
MELLORA DO VIAL DENDE O LUGAR DE PORTO DA VALIÑA ATA A ESTRADA LU-760, INCLUÍDO HONORARIOS	14.000,00€	714,18€	14.714,18€
EXECUCIÓN DE ELEMENTOS DE ACCESIBILIDADE E PROTECCIÓN DE GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	36.226,26€	10.000,00€	46.226,26€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN LOUSAS ALVEOLARES EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	34.565,18€	10.000,00€	44.565,18€
SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASENTOS DE GRADA	9.595,30€	0,00€	9.595,30€
ACONDICIONAMENTO INTERIOR VESTIARIOS CAMPO FÚTBOL	31.116,06€	9.222,94€	40.339,00€
EXECUCIÓN DE ACCESOS EN ZONA DEPORTIVA E CAMPO DE FÚTBOL	28.000,00€	5.880,00€	33.880,00€
REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CARAÑO DE ABAIXO, INCLUÍDO HONORARIOS	5.558,56€	0,00€	5.558,56€
EXECUCIÓN E COLOCACIÓN DE CUBERTA EN GRADERÍO CAMPO FÚTBOL	37.938,64€	10.000,00€	47.938,64€
EXECUCIÓN CUBRICIÓN DE CUBERTA, CANALÓN E BAIXANTES EN GRADAS DE CAMPO DE FÚTBOL	30.000,00€	6.300,00€	36.300,00€
EXECUCIÓN DE CIMENTACIÓN, CERRAMENTOS LATERAIS E ACCESOS AO BAIXO E PASARELA EN GRADERÍO DE CAMPO DE FÚTBOL	32.000,00€	6.720,00€	38.720,00€
TOTAL	273.000,00€	59.394,64€	332.394,64€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO DOS HORTOS URBANOS DO RÍO RATO Nº 33 E 73.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do río Rato e de Paradai.



Con data 13 de novembro de 2020 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos e Hortos urbanos de Paradai (1ª Fase).

O día 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación dos Hortos urbanos do río Rato ás persoas ou entidades que ata a data eran usuarios dos Hortos do Rato ou de Paradai, entre os que se atopan os seguintes interesados:

HORTO ASIGNADO	SOLICITANTE
10	CARLOS RAMÓN OURO NÚÑEZ
55	JULIA SEARA SOTELO
59	MARÍA ESTHER REMIOR FERNANDEZ
60	CAROLINA PÉREZ PÉREZ

Con data 26 de marzo de 2021 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª Fase).

O día 11 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª Fase) para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas:

HORTO ASIGNADO	SOLICITANTE
56	MARÍA ESTHER REMIOR FERNANDEZ
64	ANGEL VAZQUEZ FERNANDEZ
67	MARIA FLORA GASALLA REGUEIRO
76	DRISS KHARROUBI
77	MARÍA JESÚS SUÁREZ SUEIRO
87	SUSANA ROMAY CORREDOIRA
90	KARIM EL MORCHID
95	JOSÉ FOUZ OTERO
101	ENRIQUE REGUEIRA PARDEIRO
105	CLARA ALVAREZ UDE PARDO
107	OLGA MURADO TEIJEIRO
109	MARIA JOSE DORREGO RICO

Con data 22 de outubro de 2021 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno a Convocatoria de concesión de autorización de uso dos Hortos urbanos do río Rato (3ª Fase)

O día 21 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (3ª Fase) para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas:

HORTO ASIGNADO	SOLICITANTE
121	GONZALO ANTONIO JIMENEZ DE ALBA
127	CONSORCIO CENTRO ASOCIADO A LA UNED EN LUGO
128	DANIEL BEDMAR DEL VALLE
131	LUIS MONTERO VEGA
143	MARÍA ESTHER PACHECO DICKINSON

Vista a renuncia presentada por D. José Fouz Otero que di literalmente:

“Solicita Baixa do horto do Rato concedido por a Deputación no seu día”.

Tendo en conta que se realizou a comunicación ao interesado mediante notificación postal, recibida o 26/09/2022, do inicio do procedemento de revogación da Autorización de uso do Horto nº 95, sen recibir alegacións.

Vista a renuncia presentada por D^a. María Jesús Suárez Sueiro que di literalmente:

“Que por razones personales en este momento me resulta totalmente imposible continuar trabajandolo. Por lo que solicito darme de baja”.

Realizándose comunicación de inicio da revogación da Autorización de uso do Horto nº 77 á interesada mediante notificación postal, recibida o día 11/11/2022, sen que consten alegacións recibidas.

Tendo en conta que se realizou a comunicación ao interesado mediante notificación postal, recibida o 26/09/2022, do inicio do procedemento de revogación da Autorización de uso do Horto nº 95, sen recibir alegacións.

Visto os informes emitidos polo Servizo de Medio Ambiente con CSV IV7BWDD4PVHT7ZHS6INV67XWKY e IV7A6LPI3UH6X5BJ7VINO3TPEM.

Vista a documentación e informes presentes no expediente 2022/XEN_01/002992 sobre Revogación Autorizacións uso hortos rato non cultivados e perda condición usuario e tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020)



establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de usuario da horta, entre a que se atopa:

“a) Renuncia ou baixa voluntaria mediante escrito presentado no Rexistro da Excma. Deputación de Lugo, informando previamente aos xestores da actividade.

(...)

d) Falta de cultivo da parcela, salvo causa xustificada.”

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, propónse á esta Xunta de Goberno:

1º.- A aceptación da renuncia de D. José Fouz Otero á adxudicación do Horto urbano do río Rato nº 95 e por tanto a revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº 95 no río Rato concedida a José Fouz Otero, coa conseguinte perda da súa condición de usuario dos Hortos urbanos do río Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- A aceptación da renuncia de D^a. María Jesús Suárez Sueiro á adxudicación do Horto urbano do río Rato nº 77 e por tanto a revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº 77 no río Rato concedida a María Jesús Suárez Sueiro, coa conseguinte perda da súa condición de usuaria dos Hortos urbanos do río Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

3º.- A revogación da autorización de uso dos Hortos urbanos do río Rato concedida e a perda da condición de usuario dos Hortos urbanos do río Rato, debido ao non cultivo dos mesmos, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo dos seguintes usuarios:

N.º HORTO	NOME	APELIDOS
10	CARLOS RAMÓN	OURO NÚÑEZ
55	JULIA	SEARA SOTELO
59	MIGUEL ÁNGEL	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
64	ANGEL	VAZQUEZ FERNANDEZ
67	MARIA FLORA	GASALLA REGUEIRO
76	DRISS	KHARROUBI
87	SUSANA	ROMAY CORREDOIRA
90	KARIM	EL MORCHID
101	ENRIQUE	REGUEIRA PARDEIRO
105	CLARA	ALVAREZ UDE PARDO
107	OLGA	MURADO TEIJEIRO
109	MARIA JOSE	DORREGO RICO
121	GONZALO ANTONIO	JIMENEZ DE ALBA
127	CONSORCIO CENTRO ASOCIADO A LA UNED EN LUGO	
128	DANIEL	BEDMAR DEL VALLE
131	LUIS	MONTERO VEGA
143	MARÍA ESTHER	PACHECO DICKINSON

4º.- Manter as autorizacións dos Hortos nº 56 e 60, pertencentes a D^a Maria Esther Remior Fernández e Carolina Pérez Pérez respectivamente debido a que actualmente presentan cultivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “LUGO APOCALÍPTICO”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Lugo Apocalíptico”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor don Jesús Crende, na cantidade de dezaseis euros (16,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de quince euros con trinta e oito céntimos (15,38€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).



9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “O MUSEO PROVINCIAL DE LUGO. ORIXE E CONSOLIDACIÓN (1932-1982)”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “O Museo Provincial de Lugo. Orixe e consolidación (1932-1982)”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autora dona Aurelia Balseiro García, na cantidade de vinte e seis euros (26,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte e cinco euros (25,00€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE NOMEAMENTO DE TÉCNICO SUPERIOR DE DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO DO 2019.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, escala administración especial, subescala técnica, técnica auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2019, cuxa convocatoria e bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 116, do 23 de maio de 2022 e as bases xerais no BOP nº 101 do 6.05.2021; Vista a proposta do Tribunal Cualificador; Visto que o aspirante proposto presentou dentro de prazo a documentación a que se refire a base xeral 10.1, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5.1, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedementos selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don José Manuel Muras Rodrigo, para ocupar a praza número 953, denominada Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2019, e o posto de traballo denominado Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas entrada número 1633.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CREACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE TERAPEUTA OCUPACIONAL PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que foi caducada por decreto da Presidencia de data vinte e un de decembro de dous mil vinte e dous (21/12/2022) a listaxe de emprego temporal de Terapeuta Ocupacional, polo que neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade cree unha nova listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.catro da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:



1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Terapeuta Ocupacional, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego sinalado no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.- *Dación de conta da resolución da Presidencia de data 22/12/2022.*

Dase conta da resolución ditada, por avocación de competencias, en relación ó expediente de resolución do contrato de obra para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Sergonsa Servicios S.L. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segunda.- *Dación de conta do acordo de suspensión de procedimentos de autorización de instalación de pantalanés da Confederación Hidrográfica del Miño- Sil.*

Dase conta do acordo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, de suspensión temporal por un prazo de doce meses da tramitación de tódolos Procedementos polos que se solicita a instalación de pantalanés ou embarcadoiros ou similares en dominio público hidráulico dos encoros de Peares e Santo Estevo. A Xunta de Goberno queda enterada.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.